
TEMPO TRANSFIGURADO

Texto de CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS

Ilustracións de BELÉN PADRÓN

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 104 páx. 15 €.

ISBN 978-84-16721-11-5. Faktoría K de Libros. Tambo.

*...No recordo do que non ten memoria
baixo forma de amor ningunha
pénsote e pérdome
no perfume
da flor de cera e de papel.
Bebo o teu orballo
e son as que fuches e por quen agardo
e non sei quen es nin desde cando.*

(Schubert)

Con este libro o autor emprende -e convídanos a facela con el- unha viaxe arredor da música, unha arte fráxil mais tamén poderosísima. Unha arte, asemade, indócil á representación. Velaí, por tanto, a obriga de convocar alusións: os instrumentos (sen esquecer o primeiro deles, a voz humana), as obras que teceron e tecen a banda sonora da humanidade (ese ronsel de loairas), mesmo as biografías dos grandes compositores (un elenco ao servizo do milagre).

Todo iso, canda a pegada das persoas ás que o autor amou, e que quizais o amaron, fai deste un volume de sentimentos e sensacións que xa foron. É dicir, un volume de aceptación de orfandades, cando o amor debe existir mesmo xa sen amantes. Cando o camiño interior se converte nunha aprendizaxe da soidade. Cando alguén despreza nos poemas todos os dispositivos dunha intelixencia introspectiva... É aí onde xorde o canto das sereas.



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección *Tambo*: “Os ángulos da brasa” (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), “Onde nunca é mañá” e “Rigorosamente humano”, de Manuel Álvarez Torneiro; “Alén da fronteira” (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); “Tríptico”, de Antoni Marí; “Espirai de sombras”, de Xavier Seoane; “Estrela do norte”, de Luís Rei Núñez; “Tempo de exilio”, de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); “Diario de Crosses Green”, de Martín Veiga.

Cesáreo Sánchez Iglesias

(Dadín, Irixo, 1951)

Activista cultural desde os tempos de estudante, fundando e encabezando colectivos comprometidos co noso futuro como pobo, foi director de edicións d'*A Nosa Terra* e actualmente preside a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, cargo no que sucedeu a Uxío Novoneyra. Fiel á poesía desde a súa estrea como autor con *Silencios e conversas de inverno* (1978), en case catro décadas de cultivo ininterrompido do xénero deu títulos tan sobranceiros para as nosas letras como *Ortigas da memoria* (1985), *O rostro da terra* (1996), *O rumor do distante* (2001, Premio Esquíu), ou *Caderno do Nilo* (2013, Premio Losada Diéguez).